

BMMR. Concerto das

# Letras Galegas

19 de maio de 2007. 20:30 h.

Auditorio Municipal Hernán Naval



EXCMO.  
CONCELLO DE RIBADEO  
CONCELLARÍA DE CULTURA

Banda Sinfónica  
Municipal  
de  
Ribadeo

Asociación Amadores da Música

"Se Rogelio Groba tivera nacido nun país con institucións propias, que apostaran pola cultura propia e que dispuxeran da liberdade política suficiente para desenvolverse sen trabas e sen prexúzos, coma en Alemaña ou en Irlanda, nunca teríamos que ter organizado un acto coma este". Anxo Quintana, vicepresidente da Xunta de Galicia, pronunciou estas palabras nun acto de homenaxe e apoio á figura dos compositores galegos, personificando en Rogelio Groba o esquecemento que viviron durante ducias de anos por parte tanto das institucións públicas como das orquestras nacidas en Galicia nas últimas décadas e por ende por parte de boa parte do público que asiste aos espectáculos de música clásica. Para moitos a solución sería instaurar un Día da Música Galega, algo que nos conduciría ao que acontece hoxe co Día das Letras Galegas, un festivo máis que todas e todos aproveitamos para descansar e evadirnos do noso quefacer cotián e onde as manifestacións en prol das nosas letras se limitan a actos protocolarios e de mero formalismo. Por eso o propio Groba pediu ao poder público alí representado un apoio constante á música feita en Galicia para conseguir 365 Días da Música Galega.

Para o seu tradicional concerto do Día das Letras Galegas a Banda Municipal de Ribadeo (BMR) non virou as costas á produción musical feita por compositores do país. Como vén sendo habitual dende que en 1992 fixo a súa presentación perante o público inclúe no seu programa varias pezas de autores galegos. Veciño de Groba foi R. Soutullo, quen compuxo unha das obras más coñecidas do panorama musical galego, o celebérrimo pasodoble *Ponteareas*. Pasodoble coñecido tamén é *Lugo-Ferrol*, dun G. Baudot que alén desta homenaxe musical a ambas e dúas cidades tamén conta no seu repertorio cunha estremecedora *Marcha Fúnebre* que fica no máis absoluto dos esquecementos e que tan só foi interpretada en público pola BMR no concerto de homenaxe a quen foi o seu primeiro director, o malogrado Hernán Naval. E de Baudot a outro romántico galego, Andrés Gaos. Deste coruñés emigrado a Buenos Aires (Arxentina) a formación ribadense ten interpretado ducias de veces o Andante da súa 2<sup>a</sup> Sinfonía, "Nas Montañas de Galicia" pero dende a publicación do seu segundo CD non volveu interpretar unha das súas pezas más fermosas, *Rosa de Abril*, con letra de Rosalía de Castro. Outro músico galego esquecido pola cultura de masas é o lucense Juan Montes. A BMR recolle de novo no seu programa desta noite a súa peza máis coñecida, *Negra Sombra*. Se merece a pena a segunda parte do concerto desta noite da BMR non menos importante o é a primeira. Aos atrás da formación ribadense regresa unha das obras más aplaudidas ao longo dos quince anos de historia da BMR, *A Pantasma da Ópera*, unha selección dos mellores fragmentos do musical composto por Andrew Lloyd Webber e arranxado para banda por Johan de Meij. Unha obra que volve e dúas que se estrean no repertorio da BMR. *Ammerland* de Jacob de Haan e unha *Fantasia para saxofón alto e banda* de Jules Demersseman co mestre Ismael Porto como solista.

S. López, trompeta da BMR

## PROGRAMA

I

Ammerland .....	Jacob de Haan
Fantasia para saxofón e banda .....	Jules Demersseman <i>(Solista: Ismael Porto Barciela)</i>
A Pantasma da Ópera .....	A. Lloyd Webber

II

Lugol - Ferrol .....	G. Baudot
Rosa de Abril .....	Andrés Gaos <i>(Voz: Jesús López)</i>
Balada Galega .....	Juan Montes
Ponteareas .....	R. Soutullo

Director: Lourenço Cruz